

DOCUMENTOS DE TRABALLO

.....

Cultura e tecnoloxías da información e comunicación 2022

DOI: 10.17075/ctic.2022

Introdución e metodoloxía

Este informe describe os principais indicadores relacionados coa evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, así como o comportamento na Rede da poboación galega, especialmente naquelas actividades relacionadas coa cultura.

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

En xuño de 2014 o Consello da Cultura Galega publicaba o documento de traballo *Cultura e novas tecnoloxías*¹, no que se describía a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación nos fogares galegos e os hábitos máis frecuentes no uso de Internet a partir da enquisa realizada pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) a usuarios de Internet. O estudo, elaborado polo Observatorio da Cultura Galega, recollía datos do trienio 2011-2013 e constataba un aumento no uso de ordenadores e Internet e no consumo a través do comercio electrónico. O correo electrónico, a lectura de noticias, a participación nas redes sociais e a publicación en liña de textos, fotos e música eran as actividades preferidas dos internautas galegos. Daquela, 7 de cada 10 fogares dispoñían dalgún tipo de ordenador e o 95% da poboación contaba con teléfono móbil.

Tras este primeiro avance, en setembro de 2015 o Consello da Cultura Galega publicaba *As TIC, redes e cultura*², un informe que ampliaba o estudo anterior e profundaba na evolución das tecnoloxías da información e a comunicación en Galicia entre os anos 2011 e 2014. O documento recollía datos relativos ao grao de equipamento de produtos TIC nos fogares galegos (televisión, telefonía fixa e móbil ou equipamento informático), así como cuestións relacionadas cos hábitos dos internautas e a súa evolución no uso de Internet: manexo das redes sociais, páxinas web máis visitadas, creación de blogs etc., establecéndose nalgúns casos análises comparativas de evolución temporal ou territorial (con outras comunidades autónomas e co conxunto do Estado). A investigación sustentábase en dúas fontes principais: a Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares, realizada anualmente polo Instituto Nacional de Estadística (INE), e a enquisa da Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación a usuarios de Internet.

En 2019, o Observatorio da Cultura Galega presentou un novo estudo máis amplo, que abranguíu o período comprendido entre os anos 2014 e 2018, titulado *Tecnoloxía da información e a comunicación*³, que, ademais

¹ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2014_Cultura-e-novas-tecnoloxias.pdf

² http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2015_As-TIC-redes-e-cultura.pdf

³ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2019_Tecnoloxias-da-informacion-e-a-comunicacion.pdf

de actualizar os datos do estudo anterior, afondaba na expansión das TIC e incluía información sobre a situación destas tecnoloxías nos centros educativos a partir da Estadística de la Sociedad de la Información y la Comunicación en los Centros Educativos no Universitarios do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Entre os achados máis relevantes destes dous últimos estudos cómpre salientar o aumento do número de ordenadores nos fogares galegos e a expansión do acceso a Internet. Entre os anos 2014 e 2018, a porcentaxe de fogares galegos que contan con algún tipo de ordenador creceu 2,3 puntos (dun 72% a un 74,3%), sendo o cuarto equipamento con maior presenza tras a televisión e os teléfonos móbil e fixo. Do mesmo xeito, o acceso a Internet avanzou 14 puntos (dun 69% a un 82,6%). Con todo, Galicia non acadaba o nivel do conxunto do Estado, onde a implantación do ordenador xa era superior á do teléfono fixo. Por outra banda, 2018 foi un ano en que a compra a través de Internet experimentou unha gran suba, cun aumento respecto a 2015 de máis de 142.000 usuarios na comunidade galega. Os produtos máis demandados foron: bens para o fogar, equipamento electrónico, material deportivo, roupa e servizos de telecomunicacións. Tamén creceu o acceso a redes sociais e a subida de contidos aos sitios web, sobre todo fotos, comentarios, opinións e textos. A lectura de noticias de actualidade, a busca de información sobre bens e servizos, o envío de correos electrónicos, a visualización de vídeos ou o uso da banca electrónica eran algunhas das actividades principais dos internautas galegos, xunto coa opción de pago de ver películas ou series en liña. Ao final deste período Galicia era a cuarta comunidade autónoma que máis utilizaba as redes sociais, ás que accedía diariamente case un 82% de internautas. O predominio do uso de Facebook era absoluto (81,4%), seguido de Instagram.

Como xa se comentou con anterioridade, o informe *Tecnoloxías da información e a comunicación* incluía datos sobre a situación das TIC no sistema educativo. Case un 96% dos centros de ensino en Galicia dispoñían, a finais de 2018, de conexión a Internet e un 92% contaban con páxina web (5,1 puntos porcentuais por riba da media estatal). Tamén se constataba que, tanto na comunidade galega coma no conxunto de España, a ratio de alumnos/ordenador era menor nos centros públicos que nos privados (un 2,8 e un 3,6 respectivamente). O estudo tamén abordaba

.....

a análise de uso de Entornos Virtuais de Aprendizaxe (EVA), servizo en que Galicia estaba á cabeza de todas as comunidades autónomas, un 87,1% nos centros públicos e un 28,8% nos privados.

Os obxectivos deste informe son dar continuidade a esta serie de traballos, contrastar se existen particularidades no comportamento dos internautas galegos e observar os cambios máis recentes na relacións coas TIC dos residentes en Galicia. O presente informe divídese en dúas partes. Na primeira preséntanse resultados que permiten coñecer o grao de equipamento de produtos TIC nos fogares galegos (televisión, telefonía fixa e móbil ou equipamento informático) e o nivel de uso do ordenador, de Internet ou do comercio electrónico. Tamén se inclúen as actividades de aprendizaxe de novos coñecementos informáticos por parte das e dos usuarios de Internet, tanto en Galicia coma no conxunto de España. Nalgúns casos establécense comparativas de evolución temporal e tamén con outras comunidades autónomas. Esta información elabórase a partir da Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares, realizada anualmente polo Instituto Nacional de Estadística.

A Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares é unha operación estatística tipo panel, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), seguindo as recomendacións metodolóxicas da Oficina de Estadística da Unión Europea (EUROSTAT). O obxectivo xeral da enquisa é obter datos do desenvolvemento e evolución do que se vén denominando a Sociedade da Información. O ámbito xeográfico da investigación constitúeo todo o territorio español. En canto ao ámbito poboacional, trátase dunha enquisa que investiga as vivendas familiares principais e as persoas residentes nelas con 16 ou máis anos no momento da entrevista, das cales se selecciona unha, mediante procedemento aleatorio, para unha investigación máis exhaustiva do uso de Internet. Ademais, se na vivenda conviven menores de 10 a 15 anos efectúase, para todos eles, unha serie mínima de preguntas relacionadas con este tema. A estatística lévase a cabo con carácter anual. O período de referencia dos resultados da enquisa é tradicionalmente os tres meses anteriores ao momento da entrevista. As variables de equipamento TIC do fogar van referidas ao momento da entrevista.



Na segunda parte, a través da enquisa Navegantes en la Red, feita pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación, o informe aborda cuestións relacionadas co perfil dos internautas galegos e a evolución dos seus hábitos na utilización de Internet. O manexo das redes sociais, as páxinas web máis visitadas, o acceso e creación de blogs ou mesmo as actividades máis frecuentes realizadas a través de Internet, entre outros aspectos, forman parte deste apartado. Nalgúns casos recórrese a comparativas co comportamento doutros usuarios do resto das comunidades autónomas ou do total de España. Tamén se utilizou como variable independente a preferencia polo galego como lingua para cubrir o cuestionario da enquisa. A enquisa realizouse entre outubro e decembro de 2021. O universo obxectivo desta enquisa son os usuarios de Internet de 14 anos ou máis que visitan sitios web españoles. A enquisa foi autoadministrada a través de Internet e estivo activa na Rede dende o 19 de outubro ata o 12 de decembro de 2021. En canto ao tamaño da mostra, recolléronse un total de 16.482 cuestionarios (de media, aproximadamente, 300 enquisas por día). Sometidos a un proceso de revisión e validación, elimináronse aquelas entrevistas que se detectaron como duplicadas e as que presentaban algún tipo de irregularidade (totalmente en branco, cunha maioría de preguntas sen contestar, aparición de incongruencias nas respostas etc.). Despois de todo iso, a mostra útil final foi de 15.623. Ademais do cuestionario en castelán, confeccionáronse versións deste en catalán, galego, éuscaro e valenciano.


Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares

Un 78,7% dos fogares galegos conta con algún tipo de ordenador (de calquera tipo, incluídos tabletas, netbooks, portátiles etc.) e un 93,3% dispón de acceso a Internet. En ambos os dous casos os índices sitúanse por debaixo da media estatal: 5 puntos no primeiro caso e 2,6 puntos no segundo. A conexión a través de banda larga (ADSL, rede de cable etc.) é a máis utilizada e ademais ten unha evolución positiva. Por último, a práctica totalidade dos fogares tanto en Galicia coma no conxunto do Estado dispoñen de teléfono móbil. A táboa e a gráfica seguintes mostran estes datos.

Equipamiento de productos TIC nas vivendas galegas por tipo de equipamento (2021)

	España	Galicia
Vivendas con algún tipo de ordenador	83,7	78,7
Vivendas que dispoñen de acceso a Internet	95,9	93,3
Vivendas con conexión de banda larga (ADSL, rede de cable etc.)	95,9	93,2
Vivendas con teléfono fixo	67,2	65,9
Vivendas con teléfono móbil	99,5	99,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Evolución do acceso a Internet e da conexión de banda larga dos fogares galegos

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O dato máis salientable en 2021 respecto ao uso das TIC por parte da poboación galega ten que ver coa compra a través de Internet, que experimentou unha suba de 5,3 puntos en relación co ano anterior (52,5% fronte a 47,2%). Con todo, a comunidade galega achega porcentaxes de uso de Internet inferiores á media estatal, aínda que a diferenza é cada vez menor, concretamente 3,7 puntos porcentuais no uso de Internet e 2,7 puntos na compra de produtos a través da Rede, tal e como se pode observar na seguinte táboa.

Evolución da porcentaxe de persoas por tipo de uso das TIC nos últimos 3 meses

	2017	2018	2019	2020	2021
<i>España</i>					
Utilizaron Internet nos últimos 3 meses	84,6	86,1	90,7	93,2	93,9
Compraron a través de Internet nos últimos 3 meses	40,0	43,5	46,9	53,8	55,2
<i>Galicia</i>					
Utilizaron Internet nos últimos 3 meses	79,4	80,4	84,0	87,4	90,2
Compraron a través de Internet nos últimos 3 meses	32,1	40,4	39,2	47,2	52,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Os servizos de comunicación e acceso á información son os máis utilizados polos usuarios e usuarias de Internet, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Dentro deste tipo destacan sobre todo os seguintes: usar mensaxaría instantánea, recibir ou enviar correo electrónico e ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña. A realización de chamadas telefónicas ou videochamadas a través de Internet é a cuarta preferencia dos usuarios, seguida da busca de información sobre bens e servizos. Hai que salientar que o uso da banca electrónica é o sexto servizo máis usado pola poboación galega (69,4%), a unha distancia significativa da media estatal (74,9%). Na táboa que segue a continuación amósase información detallada ao respecto.

Utilización de produtos TIC segundo o servizo empregado en Internet (2021)

	España	Galicia
Usuarios de Internet nos últimos 3 meses	33.086.280	1.783.720
<i>Actividades de comunicación</i>		
Recibir ou enviar correo electrónico	84,3	83,0
Telefonar ou realizar videochamadas a través de Internet	80,7	74,0
Participar en redes sociais	68,9	67,9
Usar mensaxaría instantánea	96,0	94,4
<i>Actividades de acceso á información</i>		
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	81,5	82,4
Buscar información sobre temas de saúde	73,9	70,5
Buscar información sobre bens ou servizos	78,8	79,9
<i>Actividades relacionadas coa participación política e social</i>		
Emitir opinións sobre asuntos de tipo cívico ou político en sitios web ou en redes sociais	18,1	15,8
Tomar parte en consultas en liña ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos	11,8	10,9

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Actividades relacionadas coa busca de emprego		
Buscar emprego ou enviar unha solicitude a un posto de traballo	20,0	20,3
<i>Actividades de aprendizaxe</i>		
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña)	29,6	28,9
Utilizar material de aprendizaxe en liña que non sexa un curso completo en liña	40,9	41,3
<i>Outras actividades</i>		
Vender bens ou servizos	19,7	19,8
Banca por Internet	69,4	74,9
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	54,7	56,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

De todos os servizos mencionados anteriormente, os que están máis relacionados coa cultura e dos que hai datos actualizados de evolución ata 2021 son os relativos aos servizos de comunicación e acceso á información. De todas as tarefas que se poden realizar que se detallan na seguinte táboa, a que se usou máis frecuentemente en 2021 foi a de recibir ou enviar correos electrónicos (83% dos usuarios), que se incrementou en 6,6 puntos porcentuais con respecto a 2017. O resto das actividades tamén se medraron ao longo deste período pero, sen dúbida, a que experimentou un incremento máis acusado foi a de telefonar a través de Internet ou facer videochamadas, que case se triplicou neste período, pero foi no ano 2020 cando acadou a súa cota máis elevada (78,4%), en contraste con 2017, cando o usaban tan só o 28,4% dos usuarios.


Evolución da porcentaxe de persoas que usaron servizos de comunicación e acceso á información en Internet en Galicia

	2017	2018	2019	2020	2021
Recibir ou enviar correo electrónico	76,4	78,3	76,7	77,5	83,0
Colgar contidos propios (texto, fotos, música, vídeos, software etc.) nunha páxina web para ser compartidos	34,4	-	31,0	31,5	-
Participar en redes sociais (creando un perfil de usuario, enviando mensaxes ou outras contribucións a Facebook, Twitter, Tuenti etc.)	62,5	64,4	63,3	63,3	67,9
Ler ou descargar noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	81,2	-	79,0	81,2	82,4
Telefonar a través de Internet ou videochamadas (vía webcam) a través de Internet	28,4	33,1	49,5	78,4	74,0
Buscar información sobre bens e servizos	70,2	87,4	76,4	82,3	79,9

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

A idade do usuario/a é un factor que inflúe no uso das TIC. O 90,7% da rapazada galega de entre 10 e 15 anos utilizou o ordenador en 2021, o 96,5% accedeu a Internet e o 58,7% dispón de teléfono móbil. Con todo, poden observarse diferenzas na evolución destes indicadores xa que, por exemplo, a porcentaxe de nenos e nenas que usaron Internet nos últimos 3 meses apenas variou nos últimos 5 anos, manténdose en taxas moi elevadas, que superan o 95%. Porén, nos outros dous indicadores poden apreciarse maiores oscilacións ao longo deste período. Así, o indicador que mostra maiores variación é o que se refire ao da rapazada que posúe teléfono móbil, xa que en 2021 a taxa de nenos con móbil reduciuse en 11 puntos porcentuais con respecto a 2017 e 6 con respecto a 2020. No tocante ao indicador de uso do ordenador nos últimos tres meses, tamén se observan certas oscilacións na evolución dos últimos 5 anos, pero non son tan acusadas coma no caso anterior. A seguinte gráfica de evolución dá conta desta información.

Evolución da porcentaxe de uso das TIC polos nenos de 10 a 15 anos en Galicia




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

En comparativa coa media estatal, a rapazada galega de entre 10 e 15 anos rexistra porcentaxes máis baixas que as do conxunto de España nos tres indicadores: 4,4 puntos porcentuais no uso do ordenador, un punto no uso

de Internet e dez puntos entre quen dispón de teléfono móbil, como se pode observar na gráfica que vai a continuación.

Uso das TIC pola rapazada de entre 10 e 15 anos nos últimos 3 meses (2021)




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Como se dicía anteriormente, o uso do teléfono móbil en Galicia por este sector máis novo da poboación ocupa o último lugar no conxunto das comunidades autónomas, como se pode observar na comparativa autonómica da seguinte gráfica.



Persoas de entre 10 e 15 anos que dispoñen de teléfono móbil nos últimos 3 meses por comunidade autónoma (2021)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O número de persoas que utilizaron o comercio electrónico en Galicia aumentou entre 2017 e 2021 en máis de 20 puntos porcentuais, especialmente nos anos 2020 e 2021, algo máis que no conxunto do Estado, cuxo incremento foi de 15,2 puntos.

Persoas que mercaron a través de Internet nos últimos 3 meses

	España	Galicia
2017	40,0	32,1
2018	43,5	40,4
2019	46,9	39,2
2020	53,8	47,2
2021	55,2	52,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, os produtos que máis se mercan a través de Internet son roupa e calzado. Os produtos culturais como música en formato físico (CD, vinilos), películas ou series en formato físico (DVD, Blu-ray) e libros impresos, revistas ou xornais son adquiridos a través de Internet en porcentaxes que van do 2,3% no caso das películas ou o 3,2% na música, ata o 14,6% en libros, xornais e revistas.

Uso do comercio electrónico con fins privados ou para o fogar nos últimos 3 meses, por tipo de produto (2021)

	España	Galicia
Algún produto en formato físico	54,1	52,1
Roupa, zapatos ou accesorios (bolsos, xoias)	37,4	38,5
Artigos deportivos (excl. roupa deportiva)	18,3	17,4
Xoguetes para nenos ou artigos para o seu coidado	13,0	13,5
Mobles, accesorios para o fogar	17,0	14,3
Música en formato físico: CD, vinilos	3,0	3,2
Películas ou series en formato físico: DVD, Blu-ray	2,1	2,3
Libros impresos, revistas ou xornais en formato físico	15,8	14,6
Ordenadores, tabletas, teléfonos móbiles ou accesorios	16,6	16,9
Equipamento electrónico ou electrodomésticos	12,5	11,8
Medicamentos ou suplementos dietéticos	9,7	6,6
Entregas de restaurantes, de comida rápida, servizos de cátering	22,0	18,7
Alimentos ou bebidas de tendas ou de supermercados	11,2	8,2
Cosméticos, produtos de beleza ou benestar	16,9	14,6
Produtos de limpeza ou de hixiene persoal	10,4	8,4
Bicicletas, automóbiles ou outros vehículos ou as súas pezas de reposto	6,3	5,9
Outros bens físicos	16,8	14,7
Deles comprados a persoas particulares	15,1	13,6

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Finalmente, nos últimos dous anos en que se publicou esta enquisa analizaron tamén datos sobre descarga de produtos ou servizos en liña, entre os que destacan produtos culturais como música, cine, libros electrónicos, xogos ou entradas para eventos culturais. Entre estes produtos, os máis demandados en 2021 á hora de descargar a través de Internet son as películas ou series (13,8%), seguidos da música (12,3%), as entradas para eventos culturais (7,6%) e, por último, os libros electrónicos (4,1%). Porén, cómpre salientar que o consumo de todos estes produtos experimenta unha

redución con respecto ao ano anterior en Galicia. No conxunto de España o uso destes produtos está máis estendido que en Galicia, agás no caso da música, cunha diferenza de 1,3 puntos porcentuais.

Descarga ou subscrición, por motivos particulares, de produtos en liña nos últimos 3 meses por tipo de produto

	2020		2021	
	España	Galicia	España	Galicia
Algún produto en liña	38,2	37,3	38,2	33,8
Música en <i>streaming</i> ou descargas	10,5	9,8	11,0	12,3
Películas ou series en <i>streaming</i> ou descargas	16,7	15,1	16,5	13,8
Libros electrónicos, revistas ou xornais en liña	8,5	7,3	7,4	4,1
Xogos en liña ou como descarga en smartphones, ordenadores, consolas	12,1	9,5	10,5	8,0
Software como descargas, incluídas actualizacións	19,9	19,1	19,3	16,6
Aplicacións relacionadas coa saúde e condicións físicas	9,6	10,0	9,3	6,9
Outras aplicacións (viaxes, idiomas)	8,9	5,5	9,4	6,0
Entradas para eventos deportivos	2,6	2,8	3,1	3,3
Entradas para eventos culturais (cine, concertos)	11,8	10,0	14,2	7,6
Subscripción a Internet ou conexións de telefonía móbil	6,5	5,9	7,8	7,4
Subministración de electricidade, auga, gas	3,5	1,9	5,1	4,3

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Navegantes na Rede

O teléfono móbil é o principal dispositivo de acceso a Internet. En Galicia utilízao preferentemente o 44,7% dos residentes para acceder á Rede, seguido do ordenador fixo ou de sobremesa (27,2%) e do ordenador portátil (23,4%). O uso do ordenador fixo baixa 3 puntos porcentuais entre os residentes en España e 7,3 entre os que escollen o galego para cubrir a enquisa (19,9%), que usan máis o teléfono móbil (2,6 puntos sobre a poboación galega e 2,1 fronte á española).

Porcentaxe de persoas segundo o equipo a través do cal acceden principalmente a Internet

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Ordenador fixo ou de sobremesa	24,2	27,2	19,9
Ordenador portátil	24,7	23,4	26,4
Tableta	5,2	3,9	4,1
Televisor	0,3	0,0	0,3
Teléfono móbil	45,2	44,7	47,3
Videoconsola de sobremesa	0,1	0,1	0,3
Videoconsola portátil	0,1	0,1	0,0
Smartwatch/reloxo intelixente	0,1	0,4	1,0
Asistente do fogar/altofalante intelixente	0,1	0,1	0,3
Coche conectado	0,0	0,0	0,3
Outro equipo	0,0	0,1	0,0
Ns/Nc	0,1	0,0	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Os catro servizos de Internet máis utilizados polos internautas residentes en Galicia son: navegar pola Rede, usar o correo electrónico, utilizar a mensaxaría instantánea e participar en redes sociais; actividades que rexistran porcentaxes lixeiramente máis altas que as das persoas que viven no conxunto de España. As persoas que preferiron o galego para cubrir a enquisa, segundo mostra a seguinte táboa, navegan algo máis pola Rede, utilizan máis os servizos de mensaxaría instantánea (4,4 puntos porcentuais sobre a poboación española e 2,1 sobre a galega) e tamén usan en maior medida as redes sociais (3,6 e 1,7 puntos porcentuais respectivamente por riba dos outros dous grupos de estudo).

Porcentaxe de persoas que utilizaron servizos de Internet no día anterior (a responder a enquisa)

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Navegar pola Rede	91,8	92,2	93,5
Correo electrónico	91,9	93,1	93,1
Transferencia de ficheiros vía FTP	5,5	6,6	9,3
Mensaxaría instantánea	85,6	87,9	90,0
Chats, IRC	6,6	6,6	7,6
Intercambio de arquivos P2P (eMule...)	6,6	6,5	5,8

Chamadas por Internet (Whatsapp, Skype, Viber...)	24,4	21,6	17,9
Redes sociais	83,3	85,2	86,9
Videochamada/Videoconferencia (Zoom, Teams, Google, Duo...)	17,4	15,3	16,8

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Os catro problemas máis importantes para os navegantes na Rede son o exceso de publicidade, a falta de seguridade, a velocidade e a privacidade ou confidencialidade, con índices lixeiramente superiores para quen reside en Galicia. As persoas con preferencia polo idioma galego manifestan tamén algo máis de preocupación nos catro casos e, ademais, un 12,5% atópase con dificultades coa lingua ao usar Internet (8,6 e 7,2 puntos porcentuais máis ca a poboación española e galega respectivamente).

Porcentaxe de persoas segundo os problemas cos que se atopan ao utilizar Internet

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Velocidade	35,8	36,3	33,1
Seguridade	46,6	47,6	48,3
Custo	26,4	32,7	32,4
Calidade do acceso	18,7	23,2	24,7
Privacidade /falta de con- fidencialidade	37,1	38,7	42,2
Idioma	3,9	5,3	12,5
Demasiada publicidade	63,7	64,3	65,5
Infección por virus ou pro- grama espía	20,5	20,6	18,9
Outros	1,7	1,2	0,3

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Whatsapp e a considerable distancia Telegram e Facebook (messenger/chat) son os programas de software de mensaxaría instantánea máis utilizados polos navegantes na Rede. Segundo os datos da enquisa, as persoas que residen en Galicia e as que teñen o galego como idioma preferente utilizan en maior medida (despois de Whatsapp) Telegram (49,9% e 54,7% respectivamente fronte ao 42% de residentes en España) e Skype (ao redor dun 18%, ante o 14,8% da poboación española).

Porcentaxe de persoas segundo o software de mensaxaría instantánea utilizado

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Facebook messenger/Facebook chat	34,9	37,3	34,5
Google Chat	5,6	6,8	9,1
Hangouts	6,5	7,4	9,8
Instagram Direct	19,7	21,4	19,9
Line	2,1	2,5	2,7
Microsoft Teams	17,2	17,1	20,6
Pidgin	0,5	0,9	0,3
Snapchat	3,0	2,1	1,4
Skype	14,8	18,0	18,2
Telegram	42,0	49,9	54,7
Whatsapp	95,4	94,7	94,9
Outros	4,1	5,5	5,7
Non utilizo	1,2	1,1	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

A frecuencia do acceso ás redes sociais é moi elevada nos tres grupos de estudo. Un 84% das persoas que residen na comunidade galega responderon que accederan a algunha o día anterior a responder a enquisa, un 82,4% no caso das que viven en España e algo superior nas que teñen o galego como lingua de preferencia, un 85,5%.

Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última vez que accederon a unha rede social

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Onte	82,4	84,0	85,5
Nos últimos 7 días	5,9	4,9	5,1
Nos últimos 30 días	3,0	2,5	3,4
No último ano	2,1	1,7	1,4
Hai máis tempo/Nunca	6,6	6,9	4,7
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

O tempo medio que dedican os internautas ás redes sociais concéntrase en franxas que van dende os 15 minutos ata 1 hora. As persoas que teñen o galego como idioma preferente pasan máis minutos nas redes e incluso un 20,1% destas lles dedican entre 1 e 2 horas, case 2 puntos porcentuais por riba do resto.



Porcentaxe de persoas segundo o tempo que lles dedican ás redes sociais

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Menos de 15 minutos	17,3	15,9	13,7
De 15 a 30 minutos	23,3	22,9	18,3
De 30 a 60 minutos	25,3	26,5	29,5
Entre 1 e 2 horas	18,4	18,3	20,1
Entre 2 e 4 horas	10,9	10,6	13,3
Entre 4 e 8 horas	3,6	4,3	4,3
Máis de 8 horas	1,0	1,2	0,7
NS/NC	0,3	0,1	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

As redes sociais máis utilizadas polos internautas nos últimos 30 días foron Facebook, Instagram e Twitter. As persoas que responderon en galego ao cuestionario usan en maior medida Instagram e Twitter, con diferenzas de ata 10,9 puntos porcentuais no caso desta última rede social. Como mostra a seguinte táboa, LinkedIn é outra das redes cuxo acceso mostra diferenzas entre as persoas que residen en Galicia e as que prefiren o galego respecto ás que viven en España (33,1% e 34,9% fronte a un 29,9% respectivamente)

Porcentaxe de persoas segundo as redes sociais que utilizaron nos últimos 30 días

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Facebook	69,4	73,0	68,7
Instagram	64,5	68,2	70,1
Twitter	50,3	53,8	61,2
LinkedIn	29,9	33,1	34,9
Tik Tok	20,8	22,1	19,4
Pinterest	14,7	15,3	11,5
Outras	4,4	3,3	2,2
ChatHispano	2,0	2,8	2,2
Badoo	2,1	2,4	1,8
Flickr	1,9	2,2	2,5
Tumblr	1,6	1,8	2,9
Clubhouse	0,4	0,4	0,4
Xing	0,4	0,4	0,0
FourSquare	0,4	0,1	0,4
Hi5	0,3	0,1	0,4

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Os navegantes na Rede que responderon ao cuestionario en galego son tamén os que en maior medida accederon a algún blog nos últimos 30 días, tanto relacionado cos estudos ou profesión como doutro tipo (un 61,8% fronte ao 56,3% no caso dos residentes na comunidade galega e ao 48,3% dos que viven en España).

Porcentaxe de persoas que accederon a algún blog nos últimos 30 días

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Non	57,6	52,0	48,6
Si, relacionado coa súa profesión/estudos	25,6	29,5	32,4
Si, doutro tipo	22,8	26,8	29,4
Ns/Nc	0,2	0,2	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Un 19,8% das persoas enquisadas que viven en Galicia segue a algún videoblogger ou youtuber habitualmente e un 26,5% faino de xeito ocasional. Esta última porcentaxe sobe ata o 30,4% no caso dos internautas que usaron preferentemente o galego para contestar a enquisa, como se pode comprobar na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas que seguen a algún videoblogger ou youtuber

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Si, habitualmente	19,7	19,8	19,6
Si, ocasionalmente	25,0	26,5	30,4
Non	55,2	53,6	49,7
NS/NC	0,1	0,1	0,3

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

A utilización de webchat para coñecer xente non é un costume estendido entre os internautas. En todo caso, pode dicirse que sería unha actividade algo máis practicada polas persoas que teñen o galego como idioma preferente.



Porcentaxe de persoas que utilizan algún webchat para coñecer xente

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Si	6,8	7,2	9,8
Non	93,1	92,8	90,2
Ns/Nc	0,1	0,0	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Un 51,7% das persoas que contestaron ao cuestionario en galego non utiliza nunca asistentes virtuais. En xeral, as persoas residentes en Galicia usan menos este tipo de ferramentas que no conxunto do Estado, aínda que as que as utilizan fano cunha frecuencia diaria maior, como se pode ver a continuación na táboa.

Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia coa que utilizan asistentes virtuais de voz (Siri, Cortana, Google Assistant...)

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Case constantemente	4,1	4,1	2,7
Varias veces ao día	10,4	11,0	9,1
Todos ou case todos os días	7,2	6,6	7,1
Varias veces á semana	9,4	8,5	8,1
Varias veces ao mes	6,8	6,4	7,1
Con menor frecuencia	14,8	13,8	14,2
Nunca ou practicamente nunca	47,1	49,6	51,7
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

As actividades máis practicadas polos internautas en xeral son consultar a previsión meteorolóxica, ler noticias de actualidade, escoitar música e ver películas en liña sen descargar, e rexistran maior porcentaxe entre as persoas que residen en Galicia e as que utilizan o galego como idioma de preferencia. Así, un 65,8% da poboación galega e un 74% de quen elixiu o galego para facer a enquisa escoitan música en liña sen descargar, 4,2 e 12,4 puntos por riba das que residen en España. O mesmo sucede coa visualización de películas e series en liña sen descargar, como se detalla na táboa seguinte.

Porcentaxe de persoas segundo as actividades realizadas a través de Internet nos últimos 30 días

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
Visita virtual a un museo/monumento	6,7	7,1	7,1
Ver un concerto en directo	4,8	6,0	5,7
Ver evento cultural en directo (teatro...)	4,0	3,7	2,0
Ler noticias de actualidade	76,3	82,2	81,4
Recibir información/noticias con RSS	21,3	25,2	28,0
Visitas a páxinas web 'para adultos'	25,0	28,7	31,4
Realizar unha enquisa	35,9	36,4	36,5
Videochamada/Videoconferencia	41,3	39,3	42,9
Transmitir vídeos en directo (Twitch...)	6,7	7,1	5,1
Descargar música	12,0	12,5	10,8
Escoitar música en liña (sen descargar)	61,6	65,8	74,0
Descargar películas/series/documentais	16,2	18,9	20,6
Ver películas/series en liña (sen descargar)	58,0	60,6	66,9
Descargar software	26,1	29,7	34,5
Descargar libros electrónicos	16,6	20,2	24,3
Opinar sobre temas económicos/políticos...	15,7	19,1	22,0
Buscar cursos, másters, formación	26,5	29,5	33,1
Consultar videotutoriais	40,4	44,8	46,3
Consultar a carteleira de cine/espectáculos	33,4	31,9	37,2
Consultar previsións meteorolóxicas	78,8	83,6	84,8

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Na seguinte táboa ofrécense datos sobre as actividades audiovisuais realizadas a través de Internet durante o último mes por parte das persoas entrevistadas. Estas actividades refírense principalmente á visualización en directo ou en diferido de cadeas de televisión, de emisións a través doutras canles como Twitch, Youtube ou TikTok, acceso a plataformas de series e películas, escoitar emisións ou podcasts de programas de radio en directo ou á carta e, finalmente, escoitar audiolibros.

En liñas xerais, pódese observar que as persoas residentes en Galicia rexistran porcentaxes máis elevadas en case todas estas actividades realizadas a través de Internet, agás cando se trata de escoitar a radio en directo a través deste medio.

Segundo estes datos, a actividade audiovisual máis realizada a través de Internet é a de acceder a plataformas dixitais como Netflix ou HBO para ver películas e series: un 65,3% no conxunto de España, 1,4 puntos porcentuais máis que as persoas residentes en Galicia e, como dato salientable, entre as persoas que elixiron responder o cuestionario en galego, esta porcentaxe elévase ao 74%. A seguinte actividade máis común é a visualización de vídeos a través de canles como Twitch, Youtube e TikTok. Pódese comprobar que a porcentaxe das persoas que realizan este tipo de actividade superan en 5,1 puntos as do conxunto de España. Por último, cómpre salientar que a porcentaxe de persoas que escoitaron audiolibros a través de Internet é moi escasa –arredor do 6%–. Neste caso a variable de lingua, é dicir, a que se refire ás persoas que responderon o cuestionario en galego, tamén é significativa, posto que é a actividade que rexistra a porcentaxe máis baixa de todas as realizadas a través de Internet, dentro deste grupo concreto.

Porcentaxe de persoas que realizaron actividades audiovisuais a través de Internet durante os últimos 30 días por tipo de actividades

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Ver en diferido emisións das cadeas de TV	34,7	35,1	39,9
Ver en directo emisións das cadeas de TV	37,0	38,8	43,6
Ver en directo emisións que non son de cadeas de TV (Twitch, Youtube, TikTok)	27,5	35,2	37,5
Visualizar en liña vídeo (Twitch, Youtube, TikTok)	63,0	68,1	66,9
Acceder a unha plataforma para ver películas/series (Netflix, HBO)	65,3	66,7	74,0
Escoitar en directo emisións das cadeas de radio	50,4	46,1	47,6
Escoitar podcast de programas de radio á carta	28,0	29,0	37,2
Escoitar podcast non emitidos en radio	21,3	24,9	31,1
Escoitar audiolibros	6,2	6,6	4,7

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

No tocante ao tempo de visualización de vídeos en liña, a diferenza máis salientable prodúcese entre as persoas que ven vídeos en liña máis dunha hora diaria, xa que as persoas que rexistran unha porcentaxe máis elevada son as que responden o cuestionario en galego (28,8% fronte ao 26,6% das persoas que residen no conxunto de España).

Porcentaxe de persoas segundo o tempo dedicado a diario a ver vídeos en liña

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Menos de 15 minutos	23,2	23,9	23,7
De 15 a 30 minutos	26,1	23,3	24,2
De 30 a 60 minutos	24,0	25,2	23,2
Entre 1 e 2 horas	16,6	17,5	19,2
Entre 2 e 4 horas	7,7	7,9	7,1
Entre 4 e 8 horas	1,9	1,6	2,0
Máis de 8 horas	0,3	0,5	0,5
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Resulta interesante saber canto tempo dedica unha persoa a escoitar podcasts, tal como se reflicte na seguinte táboa. O que se pode concluír a partir destes datos é que non existen diferenzas porcentuais apreciables no tempo dedicado a escoitar podcasts emitidos en radio ou os non emitidos en radio. Ademais, a porcentaxe das persoas que escoitan podcast máis dunha hora é case idéntico entre as persoas residentes en España e as residentes en Galicia (arredor do 17% no caso dos podcasts emitidos en radio e o 18% nos non emitidos por radio), pero é máis baixa no caso das persoas que elixiron contestar o cuestionario en galego (un 13,6% no primeiro caso e un 17,4% no segundo).

Porcentaxe de persoas segundo o tempo dedicado a diario a escoitar podcast

	Emitidos en radio			Non emitidos en radio		
	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Menos de 15 minutos	28,6	31,2	34,5	28,8	31,9	29,3
De 15 a 30 minutos	26,8	21,7	17,3	27,7	25,7	25,0
De 30 a 60 minutos	26,8	29,7	34,5	24,9	24,3	28,3

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Entre 1 e 2 horas	12,3	12,2	10,9	12,3	11,5	9,8
Entre 2 e 4 horas	3,7	4,6	2,7	4,7	5,3	6,5
Entre 4 e 8 horas	1,3	0,8	0,0	1,2	1,3	1,1
Máis de 8 horas	0,2	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Ns/Nc	0,2	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Por outra banda, tamén se analiza a porcentaxe de persoas que realizan determinadas actividades a través de Internet e que son susceptibles de aboamento dunha determinada cota de subscrición ou ben se poden facer de forma gratuíta. Estas actividades refírense principalmente a descargas de música, películas, documentais ou series e libros electrónicos. Tamén están aquí incluídas actividades como ler noticias, escoitar música ou podcast non emitidos na radio e ver películas e documentais en liña sen descargar.

Pódese comprobar na seguinte táboa que a tendencia máis maioritaria é a de realizar estas actividades de forma gratuíta, principalmente ler noticias de actualidade, escoitar podcast ou descargar música e películas, series e documentais. Porén, cando se trata de ver películas ou series en liña sen descargar, máis da metade das persoas enquisadas pagan unha cota de subscrición, porcentaxe que é máis elevada entre as persoas que contestan o cuestionario en galego (56,6%, fronte ao 51,2% do conxunto do Estado e o 55,5% das residentes en Galicia).

Porcentaxe de persoas segundo as actividades realizadas a través de Internet nos últimos 30 días segundo se son gratuítas o de pago

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
<i>Gratuítas</i>			
Ler noticias de actualidade	88,5	86,3	83,8
Escoitar podcast non emitidos en radio	87,2	85,8	83,7
Descargar música	76,6	73,5	68,8
Escoitar música en liña (sen descargar)	66,9	61,6	54,8
Descargar películas/series/documentais	70,8	70,8	65,6
Ver películas/series en liña (sen descargar)	28,4	23,3	18,7

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Descargar libros electrónicos	58,8	57,4	56,9
<i>De pago</i>			
Ler noticias de actualidade	2,4	2,5	3,3
Escoitar podcast non emitidos en radio	6,2	6,2	7,6
Descargar música	13,1	13,3	15,6
Escoitar música en liña (sen descargar)	23,2	26,6	32,9
Descargar películas/series/documentais	15,1	12,9	14,8
Ver películas/series en liña (sen descargar)	51,2	55,5	56,6
Descargar libros electrónicos	23,4	20,2	18,1
<i>Ambas as formas</i>			
Ler noticias de actualidade	8,9	11,1	12,9
Escoitar podcast non emitidos en radio	6,2	7,5	7,6
Descargar música	9,8	13,3	15,6
Escoitar música en liña (sen descargar)	9,5	11,6	12,3
Descargar películas/series/documentais	13,6	16,4	19,7
Ver películas/series en liña (sen descargar)	20,2	21,3	24,7
Descargar libros electrónicos	17,0	21,3	25,0
<i>Ns/Nc</i>			
Ler noticias de actualidade	0,3	0,0	0,0
Escoitar podcast non emitidos en radio	0,5	0,4	1,1
Descargar música	0,5	0,0	0,0
Escoitar música en liña (sen descargar)	0,3	0,2	0,0
Descargar películas/series/documentais	0,5	0,0	0,0
Ver películas/series en liña (sen descargar)	0,2	0,0	0,0
Descargar libros electrónicos	0,8	0,1	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Nos últimos anos estendeuse a utilización do código QR para múltiples usos. De feito, incrementouse o número de apps dispoñibles para escanear códigos QR nos teléfonos móbiles ou nas tabletas polo uso cada vez máis xeneralizado en bares ou restaurantes, transportes, eventos culturais ou deportivos, ou simplemente para descargar información ampliada de contidos multimedia.

Porén, tal como mostran os datos da seguinte táboa, o uso dos códigos QR non é aínda moi común entre a poboación española, aínda que semella que as persoas que responderon esta enquisa en galego rexistran porcentaxes máis elevadas no uso dos códigos QR para mostrar as entradas de eventos culturais como cine ou teatro (23,6% das persoas entrevistadas, sete puntos porcentuais máis ca no conxunto de España) e para acceder a contidos multimedia (10,1% fronte ao 7,6% no conxunto de España).

Porcentaxe de persoas segundo a utilización de códigos QR nos últimos 30 días

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Acceder a contidos multimedia	7,6	8,3	10,1
Mostrar a entrada nun cine, teatro etc.	16,6	18,3	23,6

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Na seguinte táboa ofrécense datos sobre as compras en Internet de produtos culturais. Así, pódese comprobar que os produtos electrónicos son os máis adquiridos a través da Rede, compras que acadan un 47,7% no conxunto de España e un 55,7% entre a poboación galega. O seguinte produto cultural que se compra por Internet refírese ao ocio, o tempo libre e as entradas a espectáculos. No outro extremo está a compra de música, que acadara porcentaxes moi baixas tanto no conxunto de España (12,1% como en Galicia (14,3%).

Unha tendencia clara que se pode apreciar consiste en que as persoas residentes en Galicia compran máis produtos culturais que a media de España, agás os produtos de ocio, tempo libre e espectáculos. Tamén se pode comprobar que as persoas que responderon o cuestionario en galego rexistran porcentaxes aínda máis elevadas ca nos outros dous casos. Así, pódese ver unha diferenza de 13,3 puntos porcentuais máis ca no conxunto de España en produtos de ocio, tempo libre e en entradas para espectáculos (41,4% fronte a 34,7%) ou de 9,6 puntos porcentuais en produtos electrónicos (57,3% fronte a 47,7%).

Os produtos culturais menos adquiridos por Internet son a música, seguido das películas e as series. Isto último quizais teña que ver cos datos expostos anteriormente, referentes ás actividades que facían a través de Internet e que mostraban que entre as actividades máis realizadas pola Rede estaban as de descargar música ou películas, series e documentais.

Persoas segundo os produtos ou servizos comprados a través da web no último ano

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Películas/Series	15,8	16,6	18,6
Música	12,1	14,3	15,6
Libros	28,1	31,7	31,9
Ocio/Tempo libre/Entrada espectáculos	34,7	32,5	41,4
Electrónica, aparatos electrónicos	47,7	55,7	57,3

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

En canto ao uso de xogos, na seguinte táboa pódese comprobar que case a metade das persoas enquisadas no conxunto de España non xogan nunca a videoxogos, concretamente un 49,6%, aínda que en Galicia a porcentaxe de xogadores é algo máis elevada. En canto ao nivel de destreza como xogadores, a porcentaxe máis alta das persoas enquisadas é a das que consideran que teñen un nivel medio, arredor dun 20%, porcentaxe que é moi semellante tanto entre xogadores no conxunto de España como entre os que residentes en Galicia. Por último, cómpre salientar que aínda que a porcentaxe de xogadores que se consideran expertos é moi baixa, as persoas que viven en Galicia e as que responderon ao cuestionario en galego rexistran unha porcentaxe que case duplica a de xogadores expertos do conxunto de España.

Porcentaxe de persoas segundo o tipo de xogador de videoxogos

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Non xoga a videoxogos	49,3	45,9	46,3
Principiante	17,9	19,4	23,3
Medio	21,1	20,7	19,3
Avanzado	8,7	8,7	6,1
Experto	2,9	5,2	5,1
Ns/Nc	0,1	0,1	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

As persoas afeccionadas aos videoxogos, ademais de seren xogadores activos, poden realizar outro tipo de actividades a través de Internet, como seguir competicións de videoxogos, ver a outras persoas xogando en directo ou en diferido ou tamén compartir vídeos propios xogando. De todas estas actividades mencionadas, a máis común é a de ver por Internet a outras

persoas xogando a videoxogos en diferido, cunha porcentaxe de participación arredor do 27%, moi semellante tanto no conxunto de España como en Galicia.

Porcentaxe de persoas segundo as accións realizadas con videoxogos nos últimos 30 días

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Seguir unha competición de videoxogos/eSport	14,8	17,3	13,8
Ver por Internet a outras persoas xogando a videoxogos en directo	24,6	25,9	21,4
Ver por Internet a outras persoas xogando a videoxogos en diferido	28,0	26,3	27,7
Compartir vídeos propios xogando a videoxogos	6,6	8,6	4,4

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Base: só aqueles que xogan a videoxogos

Outro aspecto interesante que se analiza nesta enquisa é cando foi a última vez que as persoas enquisadas realizaron determinadas actividades como ver a televisión, escoitar a radio ou ler o xornal ou revistas, e se fixeron estas actividades ou ben por medios convencionais utilizando o televisor, a radio, o xornal ou revistas en papel, ou ben a través de Internet.

No que se refire á televisión, unha gran maioría das persoas enquisadas declaran que viron a televisión o día anterior a través do televisor (75,8% no conxunto de España e 73,4% as persoas residentes en Galicia). Chama a atención o feito de que entre as persoas que responderon este cuestionario en galego esta porcentaxe se reduce en case 7 puntos porcentuais con respecto á das do conxunto de España. Por outra banda, cando se trata de ver a televisión a través de Internet, a porcentaxe de persoas que viron a televisión o día anterior redúcese a case a metade, arredor do 40%. Porén, se se observa a porcentaxe de persoas que viron a televisión hai máis dun mes ou ben non a viron nunca, pódese comprobar que case un cuarto das persoas entrevistadas non viron nunca ou viron hai máis dun mes a televisión por Internet, unha porcentaxe moi superior á das que o fixeron con esta frecuencia a través do televisor.



Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última que viron a televisión

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
<i>A través do televisor (sen usar Internet)</i>			
Onte	75,8	73,4	68,9
Antonte	3,6	3,4	4,4
Nos últimos 7 días	7,3	7,7	9,8
Nos últimos 30 días	3,9	3,4	4,1
Hai máis tempo/nunca	9,4	12,0	12,8
<i>A través de Internet</i>			
Onte	42,3	43,8	41,9
Antonte	6,1	6,2	4,7
Nos últimos 7 días	16,8	16,4	16,2
Nos últimos 30 días	9,8	9,3	14,2
Hai máis tempo	18,7	19,1	19,9
Nunca	6,2	5,3	3,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Con respecto á radio, as porcentaxes de persoas que escoitan a radio, tanto a través de aparatos convencionais como a través de Internet, están máis igualadas ca no caso da televisión. Aínda así, atópanse diferenzas de máis de dez puntos porcentuais. No caso das persoas que elixiron responder o cuestionario en galego, obsérvase que rexistran unha porcentaxe algo máis elevada as persoas que escoitaron a radio o día anterior (1,6 puntos porcentuais máis ca os residentes en Galicia e 0,5 puntos máis que o conxunto de España), pero en cambio apréciase unha diferenza máis importante entre as que escoitaron a radio a través de aparatos convencionais (-2,4 puntos porcentuais con respecto aos residentes en Galicia e -2,2 puntos con respecto ao conxunto de España).

Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última que escoitaron a radio

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
<i>A través de aparatos convencionais</i>			
Onte	47,1	47,3	44,9
Antonte	5,0	6,2	5,7
Nos últimos 7 días	12,2	11,1	11,8
Nos últimos 30 días	7,3	6,5	9,8
Hai máis tempo/nunca	28,4	28,9	27,7



<i>A través de Internet</i>			
Onte	30,7	29,4	31,8
Antonte	5,1	4,9	5,4
Nos últimos 7 días	16,4	15,3	15,2
Nos últimos 30 días	12,1	14,2	16,9
Hai máis tempo	26,2	27,5	25,3
Nunca	9,6	8,7	5,4

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

En canto á lectura da prensa, obsérvase que, ao contrario que nos casos anteriores, as persoas entrevistadas adoitan facelo sobre todo a través de Internet, principalmente as persoas que responderon o cuestionario en galego, cunha diferenza de 12,8 porcentuais con respecto á media de España entre as que declararon que leran o día anterior a prensa en Internet. Porén, tamén cómpre destacar que as persoas residentes en Galicia son as que len máis frecuentemente o xornal en papel, cunha diferenza de 2,4 puntos porcentuais con respecto ao conxunto de España.

Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última que leron un xornal


	Residentes en Es- paña	Residentes en Ga- licia	Idioma preferente ga- lego
<i>En papel</i>			
Onte	15,6	23,2	22,3
Antonte	3,9	5,3	3,7
Nos últimos 7 días	13,5	17,3	20,6
Nos últimos 30 días	14,0	14,1	18,6
Hai máis tempo/nunca	53,1	40,1	34,8
<i>A través de Internet</i>			
Onte	65,1	71,6	72,3
Antonte	5,8	6,2	7,1
Nos últimos 7 días	12,2	10,3	10,8
Nos últimos 30 días	6,2	4,4	4,1
Hai máis tempo	7,5	4,9	4,4
Nunca	3,3	2,8	1,4

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

En relación con estes datos, pódese engadir a información que achega a seguinte gráfica e que se refire ao modo habitual de ler a prensa. Compróbase que máis da metade das persoas entrevistadas elixen as edicións

electrónicas dos xornais, en vez da tradicional en papel. Tamén se constata que a porcentaxe de persoas que len só a edición impresa é máis elevada entre as que responderon o cuestionario en galego. Por último, a porcentaxe máis elevada de persoas que non len nunca o xornal correspóndelle ao conxunto da poboación española, 5 puntos porcentuais por riba das persoas residentes en Galicia e máis de 10 puntos por riba das que elixiron responder o cuestionario en galego.

Porcentaxe de persoas segundo o modo habitual en que len o xornal



Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Por último, a lectura de revistas, tanto en papel como a través de Internet, é a actividade que se realiza con menos frecuencia, con porcentaxes que superan o 50% entre as persoas que residen en Galicia e as que elixiron contestar o cuestionario en galego que declararon que non leron nunca ou case nunca revistas en papel. Esta porcentaxe elévase ao 60,4% no caso da poboación residente no conxunto de España. Porén, son as persoas que elixiron responder o cuestionario en galego as que rexistran a porcentaxe máis elevada de lectura máis frecuente de revistas a través de Internet (un 20,3%).



Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última que leron unha revista

	Residentes en Es- paña	Residentes en Gali- cia	Idioma preferente ga- lego
<i>En papel</i>			
Onte	7,7	7,8	7,1
Antonte	3,2	3,2	3,4
Nos últimos 7 días	12,7	16,6	17,9
Nos últimos 30 días	16	15,8	20,3
Hai máis tempo/nunca	60,4	56,6	51,4
<i>A través de Internet</i>			
Onte	19,4	17,2	20,3
Antonte	4,2	4,7	4,1
Nos últimos 7 días	16,1	18,3	19,6
Nos últimos 30 días	15,6	14,1	17,6
Hai máis tempo	32,6	33,6	31,4
Nunca	12,2	12	7,1

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Outra actividade que se analiza con respecto á súa frecuencia é a de ir ao cine. Así, pódese comprobar na seguinte táboa que arredor de 7 de cada 10 persoas enquisadas van moi pouco ou non van nunca ao cine. A frecuencia de asistencia é máis baixa entre as persoas residentes en Galicia.

Porcentaxe de persoas segundo cando foi a última que foron ao cine

	Residentes en Es- paña	Residentes en Gali- cia	Idioma preferente ga- lego
Onte	1,9	1,4	1,7
Antonte	1,6	1,2	0,3
Nos últimos 7 días	8,4	6,9	9,5
Nos últimos 30 días	20,2	18,4	16,9
Hai máis tempo/nunca	67,9	72,0	71,6

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Ao preguntarllas se estaban abonadas a algunha canle de televisión de pago, un 76,2% das persoas residentes no conxunto de España respondeu que estaba subscrito a portais de Internet para ver series, películas ou eventos deportivos. Esta porcentaxe aumenta ata o 81,1% entre as persoas que responderon ao cuestionario en galego. A porcentaxe de persoas que non están abonadas a ningunha canle de televisión de pago é relativamente baixa, arredor do 16% entre as persoas residente tanto no conxunto

de España como en Galicia, e tan só o 11,5% entre as que responderon a enquisa en galego.

Porcentaxe de persoas segundo se están ou non abonados/as a algunha televisión de pago

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Non está abonado/a ningunha	16,4	17,1	11,5
Plataformas tradicionais	46,5	50,2	54,7
Portal de Internet para visionado de series/películas ou eventos deportivos	76,2	75,0	81,1
Servizo de pago de cadeas de televisión	6,4	5,8	5,4

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Por último, tamén se indagou se as persoas enquisadas escoitaban programas de radio á carta e a porcentaxe maioritaria correspóndese coa das persoas que declararon que si os escoitaban frecuentemente, especialmente as que responderon o cuestionario en galego, cunha diferenza de 13,3 puntos porcentuais con respecto ao conxunto de España e 10,1 puntos coas que residen en Galicia.

Porcentaxe de persoas segundo se escoitan ou non programas de radio á carta (tipo Last.FM, Spotify...)

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Idioma preferente galego
Si, frecuentemente	34,9	38,5	48,6
Si, ocasionalmente	26,6	23,9	23,6
Non, aínda que coñece a súa existencia	34,4	35,0	25,3
Non, e descoñece a súa existencia	4,1	2,5	2,4
Ns/Nc	0,1	0,1	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Páxinas web máis visitadas

Google e La Voz de Galicia son os dous sitios web máis visitados polos internautas que residen en Galicia, 26,6% e 23,5% respectivamente, índices que superan en 5,2 e 4,2 puntos porcentuais os que responderon o cuestionario en galego. Amazon (18,7%), seguida de Youtube (13,9%), Facebook (13,8%), Marca (11,7%) e El País (10,4%) serían as seguintes en orde de prioridade, todas elas por riba do 10% de visitas.

Páxinas web máis visitadas polas persoas que residen en Galicia e as que usan preferentemente o idioma galego (%)

	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
www.google.es	26,6	31,8
www.lavozdeg Galicia.es	23,5	27,7
www.amazon.es	18,7	17,6
www.youtube.com	13,9	15,9
www.facebook.com	13,8	10,1
www.marca.com	11,7	10,1
www.elpais.com	10,4	11,5
www.twitter.com	8,6	8,8
www.xunta.gal	6,6	9,8
www.as.com	6,0	5,7
www.live.com	5,6	6,4
www.instagram.com	5,3	4,4
www.farodevigo.es	5,2	6,1
www.elmundo.es	5,0	2,4
www.loteriasypuestas.es	3,7	3,0
www.aliexpress.com	3,7	2,4
www.xataka.com	3,5	3,4
www.eldiario.es	3,1	5,1
www.meteogalicia.gal	3,1	4,1
www.elcorteingles.es	3,0	1,0
web.whatsapp.com	2,9	2,7
www.zara.com	2,9	1,7
www.linkedin.com	2,4	2,0
www.wikipedia.org	2,3	3,4
www.yahoo.es	2,2	2,4

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

O dato máis salientable protagonízao a páxina de La Voz de Galicia, a segunda preferida pola poboación galega e polas persoas que elixiron o idioma galego para responder o cuestionario, un 23,5% e un 27,7% respectivamente, situándose por riba de Amazon, que sería o segundo sitio web máis visitado polos residentes en España.


Comparativa das páxinas web máis visitadas⁴ polas persoas residentes en España, Galicia e as que usan o galego como idioma preferente (%)

	Residentes en España	Residentes en Galicia	Galego como idioma preferente
www.google.es	27,7	26,6	31,8
www.lavozdeg Galicia.es	-	23,5	27,7
www.amazon.es	17,8	18,7	17,6
www.youtube.com	13,0	13,9	15,9
www.facebook.com	11,7	13,8	10,1
www.marca.com	10,5	11,7	10,1
www.elpais.com	10,1	10,4	11,5

Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

Como se comentaba anteriormente, Google é a páxina web máis visitada polos residentes en España, cunha porcentaxe dun 27,7%, seguida de Amazon (17,8%) e Youtube (13%). Facebook, Marca e El País son os outros tres sitios web aos que accede máis do 10% da poboación, como mostra a seguinte gráfica.

Páxinas web máis visitadas polos internautas residentes en España



Fonte: Navegantes en la Red. Encuesta AIMC a usuarios de Internet

⁴ Porcentaxe por riba do 10%.



Conclusións

Un 78,7% dos fogares galegos conta con algún tipo de ordenador, un 93,3% dispón de acceso a Internet e un 52,3% da poboación galega mercou algo na Rede. Son porcentaxes lixeiramente inferiores á media estatal.

As actividades dixitais máis estendidas entre a poboación galega son o uso de mensaxaría instantánea, recibir ou enviar correo electrónico e ler noticias, xornais ou revistas así como as videochamadas. Estas últimas triplicaron a súa popularidade en cinco anos, impulsadas durante a pandemia. Nas diferenzas co resto de España, destaca o uso da banca electrónica, significativamente máis estendido en Galicia.

O uso das TIC é intenso entre a cativada (un 96,5% conéctase a Internet), pero chama a atención o descenso nos últimos 5 anos da porcentaxe de usuarios de 10 a 15 anos que dispoñen de teléfono móbil propio, que pasou dun 69,7% a un 58,7%, o cal sitúa a Galicia na última posición das comunidades autónomas de España neste indicador.

O incremento das compras en liña foi moi importante en Galicia, especialmente a partir de 2020. Os produtos culturais en formato tradicional que máis merca a poboación galega son películas (2,3%), música (3,2%) e especialmente libros, xornais e revistas (14,6%). As descargas ou subscricións de produtos culturais máis populares son as películas ou series (13,8%), seguidas da música (12,3%) e libros electrónicos (4,1%). En 2021 o 7,6% dos internautas galegos mercou entradas para eventos culturais a través de Internet.

A tendencia maioritaria é a de consumir contidos de maneira gratuíta (noticias, podcasts, música), salvo no caso do audiovisual, dado que tres de cada catro internautas galegos pagan unha cota por algunha plataforma para visionado de series, películas ou eventos deportivos.

Os problemas máis importantes para os usuarios de Internet en Galicia son o exceso de publicidade, a falta de seguridade, a velocidade, a privacidade ou a confidencialidade.

Un 84% das persoas que residen en Galicia accedeu a algunha rede social o día anterior a ser enquisadas e a maioría pasa entre 15 minutos e unha hora. Un 19,8% segue a algún videoblogger ou youtuber habitualmente e un 26,5% faino de xeito ocasional.

Entre as actividades máis populares dos internautas galegos están as de consultar a previsión meteorolóxica, ler noticias de actualidade, escoitar música e ver películas en liña. A actividade audiovisual máis estendida é acceder a plataformas dixitais tipo HBO ou Netflix e a segunda é o uso de canles como Twitch, Youtube e TikTok. Arredor dun 27,5% de internautas dedica máis dunha hora ao día a ver vídeos en liña e un 17% a escoitar podcasts.

Algo máis da metade dos internautas galegos xoga a videoxogos, mesmo un 8,7% se considera un xogador avanzado e un 5,2%, experto, porcentaxes algo superiores á media de España. Entre a poboación xogadora, un 17,3% seguiu ademais algunha competición de videoxogos/eSport.

A televisión e a radio son medios que se consomen máis a través das canles de difusión tradicional entre os internautas, pero hai unha preferencia pola lectura en liña de xornais. Con todo, seis de cada dez internautas galegos continúan lendo o xornal en papel con maior ou menor frecuencia, unha proporción superior á do conxunto de España. En contraste co estendido consumo audiovisual en liña, unicamente un 27% acudiu a algunha sala de cine ultimamente.

Entre as 25 webs máis visitadas polos internautas galegos atópanse cinco de orixe galega, que serían, por esta orde: lavozdeg Galicia.es, xunta.gal, farodevigo.es, meteogalicia.gal e zara.com.

Neste traballo tamén se investigou se existía algunha diferenza entre aqueles internautas residentes en Galicia que prefiren o idioma galego para responder a enquisa e o resto da poboación. Os resultados indican que se trata dun perfil de persoas que dedican máis tempo a participar en redes sociais, a seguir youtubers e a escoitar música en streaming. Tamén len en maior medida blogs, compran máis produtos culturais na Rede e visitan con máis frecuencia webs de orixe galega. Pola contra, consomen menos televisión convencional. Destaca tamén o dato de que, entre estes usuarios que prefiren o galego, un 12,5% considera que o idioma é un dos principais problemas no uso de Internet, unha porcentaxe moi superior á que perciben os demais internautas, e que podería interpretarse como un indicador de demanda de contidos en galego.